

## ACTA Nº 3/2006 DA COMISIÓN DE PERSOAL

### ASISTENTES:

Vicepresidente en funcións de Presidente: José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública

### Pola Administración:

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Antón Losada Trabada e Ramón del Valle López  
C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Beatriz Rodríguez Fraga e José Manuel Maceira  
C. de Economía e Facenda: M<sup>a</sup> Dolores Rodríguez Amaya e María Blanco Aller  
C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: Camino Triguero Salas  
C. de Innovación e Industria: Lourdes Courtier Ramos  
C. de Cultura e Deporte: Miguel Ares Casal  
C. de Pesca e Asuntos Marítimos: M<sup>a</sup> Mar Pousa Cobas  
C. de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: M<sup>a</sup> Lourdes Batán Aira

### Polas organizacións sindicais:

CIG: Manuel Gallardo Canitrot e Xesús Tarrío Peón  
CCOO: Pedro Méndez Gil e Manuel García Cendón  
UGT: Rosario Valledor Puente e Antonio Pais Andrade  
CSI-CSIF: Alvaro Fernández Baamonde e Carmen Noya Castro

Secretario: Andrés Castro Bande

En Santiago de Compostela, sendo as 13:30 horas do día 21 de marzo de 2006, reúnese, en sesión ordinaria, na Salón de Actos nº 2 (pequeno) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo a seguinte orde do día:

**Punto primeiro- Lectura e aprobación, se procede, da acta nº 2/2006.**

**Punto segundo- Orde do\_ de\_ de 2006, pola que se modifica a Orde do 17 de decembro de 2004, pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración Xeral da Xunta de Galicia.**

**Punto primeiro- Lectura e aprobación, se procede, da acta nº 2/2006.**

\* O representante da Organización Sindical CIG, manifesta:

- Que no punto sexto (páx. 3) debe engadirse: ...abstense “ por non ter suficiente información”.
- Con respecto ao punto sétimo (páx. 4) gustaríalle engadir que están en contra das RPT “tipo peonza”.

\* O representante da Organización Sindical CCOO, manifesta que na súa intervención no punto segundo (páx. 2) debe dicir: que se opón á execución da Sentenza.

Con estas matizacións efectuadas polos representantes das organizacións sindicais CIG e CCOO apróbase polos representantes da Administración e das Organizacións Sindicais a Acta nº 2/2006 do 10 de marzo de 2006.

**Punto segundo- Punto segundo- Orde do\_ de\_ de 2006, pola que se modifica a Orde do 17 de decembro de 2004, pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración Xeral da Xunta de Galicia.**

\* O representante da Organización Sindical CIG, manifesta que, evidentemente, hai que executar a sentenza. Co que non está moi de acordo é coa forma de levala a cabo.

Manifesta o seu recelo coa forma en que se vai a executar a sentenza, dado que a mesma “declara nulo o inciso final da Base II. 2 da convocatoria, polo que a Administración deberá retrotraer o proceso selectivo ata a data de publicación da convocatoria publicando as novas bases nas que se elimine o inciso final anulado”.

En consecuencia, manifesta o seu recelo porque, ao seu entender, poden aparecer concursantes que no seu momento renuncien ao concurso ou xente que non participou e que agora sí podería participar.

\* O representante da Organización Sindical CCOO fai referencia a un escrito remitido a principios de marzo pola súa organización sindical á Dirección Xeral da Función Pública, no que faría dúas recomendacións en relación coa execución da Sentenza.

\* A representante da Organización Sindical UGT manifesta que lle parece unha falta de respecto que non estean presentes tódolos Secretarios Xerais ao ser unha Sentenza que afecta a tódalas Consellerías.

Entende que se está executando a Sentenza de forma parcial, o que implicará a presentación de máis recursos., son partidarios de que se resolva canto antes, pero con cautela, xa que na súa opinión deberíase haber solicitado un auto aclaratorio.

\* O representante da Organización Sindical CSI-CSIF, manifesta que a proposta se axusta ao Principio de Conservación dos Actos Administrativos.

Finalmente, infórmase favorablemente a proposta da Orde do\_ de\_ de 2006, pola que se modifica a Orde do 17 de decembro de 2004, pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración Xeral da Xunta de Galicia, co voto favorable dos representantes da Administración e das Organizacións Sindicais CIG, CCOO, UGT e CSI-CSIF

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 13:30 horas do día anteriormente sinalado.

Vº e praxe,

Dou fe

**O VICEPRESIDENTE EN FUNCIONS  
DE PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**

José Rodríguez González

Andrés Castro Bande